

## Mesa Sectorial de 3 de abril de 2025

### Decreto polo que se crea a categoría estatutaria de persoal investigador do SERGAS

Presentaron na mesa o borrador de Decreto de creación da categoría estatutaria de persoal investigador.

CIG-Saúde preguntamos pola estabilización deste persoal cando rematan os programas de investigación do Instituto Carlos III. Responden que unha vez rematados os programas estabilizarán a ese persoal inicialmente cun contrato de obra e servizo, ou con unha interinidade se previamente as xerencias solicitaron a creación de ditas prazas.

Ábrese un prazo de alegacións ata o 25 de abril.

### Sentenza de vacacións cotizadas e non desfrutadas nos trienios.

O SERGAS informa de que antes de xuño non cree que se poida aplicar para os trienios.

CIG-Saúde solicitamos que, como a demora na implantación da sentenza é responsabilidade da Administración, que cando recoñezan eses períodos para adiantar o cobro do seguinte trienio, que a Administración asuma de oficio os atrasos dos recoñecementos que se produciron dende a sentenza do Tribunal Supremo. Responden que non contemplan o pago de ningunha retroactividade.

### Instrucións de ceses e incorporacións

CIG-Saúde rexeitamos a forma de proceder da Administración remitindo no día de onte unhas instrucións de ceses e incorporacións asinadas e pechadas sen pasar pola mesa sectorial, introducindo uns cambios que non compartimos, máxime cando tiñamos solicitado tratar este tema na mesa remitindo propostas de mellora.

- Estamos en contra de que no apartado de Ubicación, cunha redacción que permite que cada xerencia poida aplicar criterios distintos.  
CIG-Saúde deixamos claro que isto é unha volta ao pasado, que entendemos que os criterios obxectivos que se teñen que aplicar nas áreas teñen que negociarse na mesa sectorial.
- Denunciamos a desaparición do apartado de vacacións das instrucións o que fai que a redacción que se remite non deixe claro que no caso de cambio de área, se poidan arrastrar as vacacións e LDs xerados noutra xerencia para o novo destino. Elimínouse tamén a posibilidade de retrasar a toma de posesión cando a persoa se atope desfrutando as vacacións no prazo de toma de posesión.  
O SERGAS di que o centro de orixe ten que emitir un certificado de haberes no que constarán as vacacións e LDs desfrutados, e así no centro de destino poderán desfrutar todo o que teña pendente de desfrutar. Pero que o programa “de oficio” liquida as vacacións ás persoas que cesen para tomar posesión nunha xerencia distinta, polo que as persoas que terán que solicitar a non liquidación das vacacións para poder levar ditos días de vacacións ao novo destino.
- Denunciamos que se retirara do texto que no caso de IT derivada do embarazo os efectos da toma de posesión serían dende o primeiro día. Quedaron en revisar este tema.



## Mesa Sectorial de 3 de abril de 2025

### Outros temas

CIG-Saúde denunciámos o que se está a facer cos **PSX na xerencia de Vigo** onde están sobrecargando ao persoal PSX obrigándoos a responder ás reclamacións que presentan os doentes sobre a atención no centro.

CIG-Saúde entendemos que terán que reforzar o servizo de Atención ao doente, e o que non queremos é que esta práctica se expanda ao resto de áreas.

CIG-Saúde preguntamos polas **prazas do CTAP do 2025**. A Subdirectora informa de que vai haber demora ata a resolución dos procesos de estabilización. Non descartan publicar as prazas por grupos de categorías en distintas fases.

CIG-Saúde solicitamos que se negocie na mesa sectorial un **procedemento de seudonimización** das persoas vítimas de violencia de xénero nos procesos selectivos, tal e como xa existe noutras Administracións, para non ter que incluír este tema en todas as convocatorias, simplificando a actuación nestes casos.

CIG-Saúde denunciámos que no acordo do 20 de abril de 2023 creouse o concepto de **garda festiva**, pero na transposición do acordo no DOG excluíuse ao persoal enfermeiro e técnico de atención hospitalaria, polo que solicitamos que se rectifique dita anomalía.

CIG-Saúde solicitamos información sobre a **implantación da FP Dual** nos centros. Denunciámos que non existe permiso nin situación administrativa que permita que persoal con contrato no SERGAS noutra categoría poida realizar os períodos de prácticas, sen que se vexa obrigado/a a solicitar unha excedencia.

